

Acta da sesión extraordinaria da Corporación do Concello de Cerceda celebrada o día 17 de decembro de 2019.

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cerceda (A Coruña), sendo as oito horas e dezasete minutos do día 17 de decembro de 2019, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria previamente convocada ó día da data, para a que foron previamente citados.

Asistentes:

Grupo Municipal Socialista:

D. José García Liñares.

D. Juan José Rodríguez García.

Dna. Cristina Capelán Cancelo.

D. Francisco Javier Boquete Cambón.

Dna. María Carmen Martínez Barreiro.

D. Jesús Rama Bello, que se incorpora no momento sinalado no acta.

Dna. Catrina Queijo García

Grupo Municipal Popular:

D. José Francisco Santos Regueiro.

Dna. Celia López Pallas.

Dna. Luz M^a Bello Vazquez

D. Jesús Picon Pardo

Grupo Municipal Mixto:

D. Alberto Sánchez Regueiro.

Secretario Xeral: Raúl Martínez Martínez.

Interventora: Pilar Martínez Villar.

Non asiste a concelleira do Grupo Municipal do PP, Dna. Lorena García Costa.

A Presidencia, tras comprobar nos términos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

Orde do día

Primeiro. Aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos). "POS+ 2020".

Segundo. Aprobación, se procede, da proposta ditaminada de solicitude de encomenda de xestión coa Deputación da Coruña para a contratación e execución da obra "VIA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGUELLE.TRAMO III-TORDOIA-CERCEDA".

Primeiro. Aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos). "POS+ 2020".

A Presidencia dá lectura a proposta ditaminada, que se transcribe:

<<Vista a notificación da Excm. Deputación Provincial da Coruña e pola que se aprobao PLAN UNICO CONCELLOS POS+2020 e asignan a este concello un total de 502.356,47 euros, unha vez determinadas os gastos e obras os que se vai aplicar compra a súa aprobación polo Pleno.

No exercicio das atribucións que lle otorga ó Pleno do Concello o artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local propónse a adopción do seguinte

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2020","achega provincial 2019" e "préstamo provincial 2020":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Subtotal pago a provedores	0	0	0

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0
Subtotal gasto corrente	0

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Bombeo en Vila da Igrexa	44.656,57	0	44.656,57
Saneamento na AC-413(A Silva)e outros	33.440,56	0	33.440,56
Mellora de acceso a Piñeiro e outro	154.987,75	0	154.987,75
Subtotal investimentos achega provincial 2020	233.084,89	0	233.084,89

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Rede de saneamento en A Picota (Xesteda) e outros	56.408,67	0	56.408,67
Subtotal investimentos achega provincial 2019	56.408,67	0	56.408,67

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Extensión de rede de saneamento en Xesteda ata cruce de Londoño	55.126,77	0	55.126,77
Execucion de nova rede de saneamento en Meirama	83.308,28	0	83.308,28
Senda Peonil A Vila-Cobeláns e outro	74.427,86	0	74.427,86
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	212.862,91	0	212.862,91

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
-----	-----	-----
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	0		0
	Achega 2020	0		0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	0		0
	Achega 2019(Excep. Base 2.2)	0		0
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	233.084,89	0	233.084,89
	Achega 2019	56.408,67	0	56.408,67
	Préstamo 2020	212.862,91	0	212.862,91
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	0		0
TOTAL	Achega 2020	233.084,89	0	233.084,89
	Achega 2019	56.408,67	0	56.408,67
	Préstamo 2020	212.862,91	0	212.862,91
	TOTAL	502.356,47	0	502.356,47

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Saneamento e depuración en Xesteda	221.588,63
Senda peonil acceso a centro médico e outro	33.321,77
TOTAIS	253.910,40

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.>>

**Intervencións que se citan:*

Interven o voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Santos, para dicir que as dúas obras de saneamento en Xesteda, son obras situadas consecutivamente e que eso podería ser un fraccionamento de contrato. Que deberían estar no mesmo proxecto. E que hai outras que hai un saneamento e unha senda peonil no mesmo sitio pero en diferente proxecto.

[Incorporase a sesión o concelleiro D. Jesús Bello Rama].

O Sr. Sánchez pide que a oposición poida aportar ideas sobre as obras, e suxiere que debería facerse antes a depuradora que o saneamento en Meirama. Propón varias ideas sobre obras. Pregunta que qué pasa coas obras do colexio.

Contesta a Presidencia que non hai fraccionamento do contrato porque non se permite o contrato menor en Diputación. Hai unha declaración de obra completa. Terá que ser primeiro o saneamento e logo a senda peonil. No referente a Meirama hai permisos de verquido. Afirma que conta sempre ca oposición.

No mesmo plan prevese a depuradora en Meirama, pero non é posible incluílo agora. Recorda que no POS non son posibles as reparacións só obra nova.

Sometido a votación ordinaria a proposta ditaminada, queda aprobada por unanimidade.

Segundo. Aprobación, se procede, da proposta ditaminada de solicitude de encomenda de xestión coa Deputación da Coruña para a contratación e execución da obra “VIA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGUELLE.TRAMO III-TORDOIA-CERCEDA”.

Procede a Presidencia á lectura da proposta ditaminada, que se trascribe:

<<Con motivo da próxima aprobación por parte da Deputación provincial da Coruña do proxecto de obra “VIA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGUELLE.TRAMO III-TORDOIA-CERCEDA” financiado pola Deputación e o fondo FEDER, a través da convocatoria aprobada por Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (BOE núm. 144, do 17.06.2017), pola que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares das entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa Operativo de Crecemento sustentable 2014-2020, xestionada polo Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía (IDAE).

Tendo en conta a entidade do proxecto, razóns de eficiencia e a inexistencia de medios técnicos idóneos neste Concello, o amparo do establecido no art. 11.1 e 2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réximen Xurídico do Sector Público; e polo que se propón o Pleno

PRIMEIRO. Solicitar encomenda de xestión coa Deputación da Coruña para a contratación e execución da obra “VIA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGUELLE.TRAMO III-TORDOIA-CERCEDA.”

SEGUNDO. Facultar o Alcalde-Presidente para a firma do correspondente convenio.>>

Sometido a votación ordinaria a proposta ditaminada, queda aprobada por unanimidade.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as oito horas e trinta e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, da que eu, Secretario Xeral, dou fe.

O Alcalde-Presidente
José García Liñares

O Secretario Xeral
Raúl Martínez Martínez